



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DENOMINADO "PROXECCIÓN CINEMATOGRAFICA E XESTIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO AUDITORIO DE MUROS"

1. Tipoloxía do contrato

Contrato menor de servizos

2. Denominación do servizo

Contrato menor de servizos para a proxección cinematográfica e xestión de actividades culturais no auditorio do Centro Cultural e Xuvenil de Muros (venres, sábado e domingo).

3. Duración

108 horas a determinar o comezo co Concello de Muros.

4. Funcións a realizar polo adxudicatario

A empresa adxudicataria do contrato menor deberá prestar os seguintes servizos:

- Manexo de equipamentos técnicos (imaxe e son) para a proxección de películas cinematográficas no auditorio.
- Manexo de equipamentos técnicos (imaxe e son) para na realización das funcións teatrais e outras actividades culturais.
- Control de acceso e asistencia do público aos eventos.
- Xestión de equipos audiovisuais e mantemento básico do material técnico.
- Coordinación co Concello para a programación de contidos culturais.

5. Requisitos do persoal que preste o servizo

O persoal deberá acreditar experiencia na proxección cinematográfica, organización de eventos culturais e manexo de equipamento audiovisual. Así mesmo, deberá presentar o certificado de delitos de natureza sexual conforme á normativa vixente.

6. Orzamento

A oferta máxima será de 2.700,00 € (IVE incluído).



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

7. Prazo de presentación

O prazo de presentación de ofertas rematará o 15 de abril de 2025.

8. Adxudicación

O contrato menor será adxudicado á empresa licitadora que presente a oferta económica máis vantaxosa e que cumpra cos requisitos establecidos no punto 4. O pagamento do importe adxudicado realizarase de forma mensual previa presentación da factura correspondente.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANEXO: MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Nome e apelidos	
Enderezo	
Teléfono	
DNI	
En representación de*	
Enderezo	
Teléfono	
CIF	

* De ser o caso

Declara formar parte do procedemento de adxudicación mediante contrato menor de **proxección cinematográfica e xestión de actividades culturais no auditorio do Centro Cultural e Xuvenil Muros**, e para cuxos efectos,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que non está incursa en prohibición de contratar con ningunha administración pública.
2. Que coñece e aceptan cantas obrigacións se deriven deste contrato.
3. Que se atopa ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Muros.

OFERTA ECONÓMICA:

Ofrece o seguinte prezo para a execución do servizo de **proxección cinematográfica e xestión de actividades culturais no auditorio do Centro Cultural e Xuvenil Muros**:

Oferta por 108 horas de servizo:

(A) Prezo sen IVE	
(B) Imposto sobre o valor engadido (IVE)	
(C) Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)	
(D) Total (non poderá exceder a cantidade máxima que se establece no punto 5)	

* O pago realizarase previa presentación de factura

Muros, ____ de _____ de 2025



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Sinatura do/a licitador/a